



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA


ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL "AS DUNAS"

Rúa Gondomar nº 9, 36340 Nigrán

Tel/Fax: 986380120 / 665832640

eei.dunas.panxon@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/eedunaspanxon/>



PROGRAMA DE ACOLLIDA

EEI AS DUNAS

CURSO 2020-2021

Código de centro: 36015160

29/08/2020

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.....	3
3. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.....	10
4. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.....	11
5. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.....	12

1. INTRODUCCIÓN

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019-2020, o equipo educativo elaborará un “Programa de Acollida”.

Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, este programa foi elaborado pola dirección da escola coas aportacións do profesorado, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

Este programa poderá ser modificado en calquera momento, tanto se a situación epidemolóxica así o determina como se as autoridades educativas ou sanitarias así o deciden, ou porque coa posta en práctica do mesmo se perciban deficiencias que deban correxirse.

2. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

Estas normas serán explicadas nas reunións de principio de curso que se realizarán por grupos antes do comezo das clases.

Facilitaráselles un resumo destas novas normas de organización e funcionamento do centro por escrito.

Serán publicadas na web do centro e enviado un mensaxe polo abalarmóbil co enlace ao documento. As familias que non conten con Abalarmóbil enviaráselles a información ao correo electrónico.

- **USO DE MÁSCARA**

Todo o persoal do centro, docente e non docente, así como o alumnado, farán uso da máscara ao longo da xornada.

- **ORGANIZACIÓN DO CENTRO**

Os grupos cos que contaremos este ano son:

NIVEL	N.º DE ALUMNADO
4º EDUCACIÓN INFANTIL	19
5º EDUCACIÓN INFANTIL	21
6º EDUCACIÓN INFANTIL	12

Cada un destes grupos será considerado un **GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA**.

O alumnado de cada grupo pode relacionarse entre sí pero ten que evitar a relación co resto dos grupos estables.

Evitar que os grupos estables de convivencia se relacionen entre sí, obriga a organizar entradas, saídas e recreos, entre outros aspectos.

- **ENTRADAS, SAÍDAS E FLUXO DE MOVEMENTOS:**

ENTRADAS:

O obxectivo principal da proposta que facemos a continuación é evitar aglomeracións e os tempos de espera nas entradas e saídas.

Nos tempos de espera para entrar non está permitido xogar nas instalacións e cada adulto debe ter preto ao seu neno ou nena evitando así que se achegue a outros alumnos.

Todo o alumnado, tanto o transportado coma o que vén da casa, debe acceder ao centro coa máscara xa posta.

Organización das entradas para alumnado transportado:

O profesorado de garda acompañará ao alumnado á entrada das súas aulas, seguindo o percorrido correspondente marcado no chan. Entrarán en ringleira tentando respectar a distancia de 1.50 ms entre eles. Durante este tempo ata que chegan os demais, irán cambiando o calzado e facendo a hixiene de mans.

Organización das entradas para o resto do alumnado:

Para o momento das entradas contaremos coa axuda de voluntarios do Concello para vixiar o correcto cumprimento das normas e axudar ás familias no acceso.

Será fundamental respectar os horarios, non se debe chegar demasiado cedo.

En canto o alumnado entre ou saia, os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.

Recomendamos evitar que os acompañantes sexan persoas de risco.

Un único familiar pode acompañar ata a porta ao seu fillo ou filla, axudalo a cambiar o calzado e despedirse aí.

Se no momento da chegada un familiar está axudando ao seu fillo a cambiarse, débese esperar en ringleira respectando a distancia de seguridade segundo as marcas horizontais no chan.

- **Alumnado de 4º EI: de 08:45 a 09:15**

Ocuparán a aula situada na entrada á dereita, polo que entrarán pola porta principal, e polo camiño da dereita. Seguiranse as marcas situadas no chan que indican a direccionalidade da entrada e a saída.

Na porta estará esperando a titora ou especialista que teña clase a primeira hora. O familiar axuda á crianza a cambiar o calzado e despídese aquí.

Durante o período de adaptación seguirán o horario estipulado.

- **Alumnado de 5º EI: de 08:45 a 09:15**

Ocuparán a aula situada na entrada á esquerda, polo que entrarán pola porta principal e polo camiño da esquerda. Seguiranse as marcas situadas no chan que indican a direccionalidade da entrada e a saída.

Na porta estará esperando a titora ou especialista que teña clase a primeira hora. O familiar axuda á crianza a cambiar o calzado e despídese aquí.

- **Alumnado de 6º EI: de 08:45 a 09:15**

Debido a que este é o grupo, con diferenza menos numeroso, ocupará a aula do fondo, xa que esta é máis pequena que as demais.

O alumnado de 6º entrará pola porta traseira de acceso ao centro, a da Horta de Lola.

Na porta estará esperando a titora ou especialista que teña clase a primeira hora. O familiar axuda á crianza a cambiar o calzado e despídese aquí.

FLUXO DE MOVEMENTOS DURANTE A XORNADA ESCOLAR:

Cando sexa preciso saír da aula para ir á biblioteca, saír ao recreo ou ao pavillón, haberá que seguir a dirección da circulación marcada no chan.

SAÍDAS:

- **Alumnado de comedor:**

Sairán coa máscara posta.

O profesorado de garda será o encargado de recoller ao alumnado por clases e acompañalos ao autobús. Tentarase que sexa un especialista xa que os especialistas dan clase nos tres grupos.

No autobús pediráselle á coidadora que a ser posible deixe unha fila de asentos sen ocupar entre os diferentes grupos e tentarase que sempre ocupen o mesmo asento, facilitando para elo á coidadora do bus un esquema coa distribución dos asentos por alumnado. As parellas do bus serán do mesmo grupo de convivencia estable e serán tamén parella no comedor.

- **Alumnado que recollen as familias:**

Sairán coa máscara posta.

O profesorado que esté co grupo na última hora é o encargado de entregalos ás familias. A entrega farase polas mesmas portas polas que se fixo a entrada.

Se se dá o caso que ese mestre ten que ir ao comedor, éste será substituído por quen esté de garda ou dispoñible nese momento por estar facendo tarefas de coordinación, biblioteca, etc.

Unha vez entregado o neno ou nena, a familia debe abandonar o recinto escolar. Non está permitido quedar xogando nas instalacións e hai que evitar as aglomeracións darredor do centro.

RECREO:

Dividiremos o exterior do centro en tres zonas diferenciadas: patio dianteiro dereito, patio dianterio esquerdo e patio traseiro. Cada grupo terá asignado un patio que se irán rotando semanalmente. Cada grupo pode facer uso desa zona exterior as veces que queira, no horario que queira e para facer todas as actividades que se poida, xa que se van priorizar as actividades no exterior. Finalizada a semana farase unha desinfección máis profunda dos materiais para que os poida empregar o seguinte grupo.

O tempo de recreo será, como de costume, de 11:30 a 12:00hs.

En cada zona haberá un mestre de garda. Tentarase que sempre sexa profesorado que imparte docencia no grupo.

Poderán usarse os baños durante o recreo. Cada grupo empregará o baño da súa clase; sempre de un en un seguindo as instrucións xerais de uso dos baños.

As entradas e saídas ao recreo faranse en ringleiras tentando manter a distancia de 1.50ms entre eles.

Farase hixiene de mans ao entrar ás aulas despois do recreo.

Cando a climatoloxía non o permita, os recreos faranse dentro da mesma aula. Haberá un mestre ou mestra con cada grupo.

1º DÍA: 10 DE SETEMBRO.

O primeiro día de clase seguirase o horario de entrada para cada grupo e seguindo as instrucións que se detallaron con anterioridade.

O alumnado de 4º seguirán o horario marcado para o período de adaptación.

Durante a mañá adicarase a ensaiar co alumnado as entradas, saídas, zonas de recreo, os percorridos marcados no chan, recordo das normas de hixiene, distanciamento social... Durante todo o mes de setembro as actividades relacionadas con estes aspectos ocuparán gran parte da xornada lectiva.

AS MERENDAS:

A merenda tomarase antes do recreo. O profesorado responsable do grupo nese momento encargarse da limpeza de mans antes e despois e desinfectarase a superficie da mesa para a merenda.

O alumnado traerá a diario unha botella con auga na mochila. En ningún momento compartirán botellas, vasos, cubertos nin merendas.

Nas celebracións dos aniversarios farase unha actividade especial para o protagonista do día pero non se traerá merenda para compartir.

RUTINAS ORGANIZATIVAS DURANTE O CURSO

Ao longo do mes de setembro o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado antes de realizar as programacións didácticas, para saber o punto de partida e os contidos e competencias que quedaron sen traballar o curso pasado, así como detección de dificultades non só académicas se non tamén emocionais.

Familiarizarse ao alumnado no emprego da páxina web. Unha vez poñamos en marcha a aula virtual traballarase con ela co fin de estar preparados ante unha posible suspensión de clases.

Todo o alumnado debe deixar na escola unha muda completa. As titoras de cada grupo indicaranlles se debe vir nunha caixiña de cartón ou nunha bolsa de tea. Xunto coa muda debe vir unha máscara de repostro co nome.

Como o alumnado vai acudir ao centro coa máscara posta, deben traer na mochila un sobre de papel para gardala cando non a precisen. A máscara debe ter sempre o nome.

En tódalas aulas e na biblioteca, haberá xel hidorcolico, desinfectante, panos de papel e papeleira de pedal. A dispensación de xel hidorcolico ou desinfectante de superficies será realizada polo profesorado.

O alumnado recibirá tódalas clases, incluídas as especialidades dentro da súa aula ordinaria, a excepción de Relixión Católica (o alumnado matriculado nesta área) e Psicomotricidade. Aínda que se priorizarán as actividades no exterior sempre que sexa posible.

Teranse abertas as ventás todo o tempo posible. Se as condicións climatolóxicas non o permiten, faranse as ventilacións de acordo as instrucións oportunas: 15 minutos antes e despois da xornada escolar, cinco minutos entre sesións e durante todo o recreo.

Cada grupo fará uso do seu baño. O acceso ao baño será sempre de forma individual, para o que se marcará a entrada cun semáforo que marque a ocupación.

De estar ocupado, deberán esperar na entrada do mesmo mantendo as distancias marcadas no chan. Só pode esperar un alumno/a. Se xa hai un facendo uso do baño e outro esperando, deberase voltar á aula. Será obrigatorio o lavado de mans con auga e xabón e secado con papel esgotable despois de usar os baños.

Haberá carteis informativos en todos os baños.

USO DA BIBLIOTECA:

Como norma xeral, empregaranse as bibliotecas de aula escollendo a opción de biblioteca distribuída. Farase unha ampla selección de fondos para dispor nas aulas. O empréstito farase destes fondos. Cabiaranse mensualmente para que sexan variados e actualizados. En ocasións puntuais poderá facerse uso da biblioteca respectando o aforo máximo de 13.

Este curso non abriremos bibliodunas pola tarde xa que o noso alumnado, ao seren de infantil, teñen que vir acompañados polas familias e non está permitido o acceso das mesmas ao interior. Por este motivo, o empréstito semanal será de dous fondos no canto de un.

ATENCIÓN DIRECCIÓN/ORIENTACIÓN

Só se atenderá presencialmente con cita previa a través dos teléfonos da escola (986380120 / 665832640) ou do correo electrónico (eei.dunas.panxon@edu.xunta.es).

Tamén se poden empregar estas vías para calquera dúbida, consulta ou suxerencia.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Os servizos que organiza a ANPA, plan madrugada, plan mediodía e actividades extraescolares quedan suspendidas polo momento.

O transporte escolar mantense en condicións de aforo habituais, co uso obrigatorio de máscara, e co obrigatorio cumprimento das normas establecidas pola empresa e monitoras.

Corresponde ao Concello xestionar, planificar, organizar e desenvolver as medidas de limpeza do centro. Se ben, realizarase unha limpeza e desinfección de baños e superficies dúas veces durante a mañá e pola tarde realizarase a limpeza e desinfección da escola.

3. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

1. As familias, o 1º día deberá asinar un compromiso de realización autoenquisa clínica diaria ao alumnado (esta autoenquisa será realizada polas propias familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio). Igualmente para o profesorado.
2. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
3. O alumnado usará máscara.
4. Antes de acceder ao centro ou a algunha das súas dependencias limparase as mans con hidroxel e manterase a distancia de seguridade.
5. Durante os primeiros días do curso priorizarase o traballo sobre a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro:
 - Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
 - Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo

menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.

- Recordar o emprego axeitado das máscaras: como poñelas e quitadas, onde se gardan...
- Durante os primeiros días, ensaio das entradas e saídas, valoración de aspectos a mellorar.
- Realizar actividades para identificar a distancia de seguridade axeitada (canto é 1 metro e medio)
- Recordar a necesidade de extremar a orde no posto de traballo para facilitar as tarefas de limpeza.

4. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

A principios de curso o profesorado formarámonos e poñeremos en marcha a aula virtual. Farémolo mediante o curso “Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes” que será incluído non PFPP deste ano. Pedirase tamén axuda ao asesor Abalar de zona. Mentres tanto, seguiremos empregando a páxina web da escola e familiarizárase ao alumnado con ela. Unha vez esté en funcionamento a aula virtual, pedirase colaboración ás familias, que recibirán o usuario e contrasinal vía Abalarmóbil, así como un pequeno manual sobre o funcionamento da nosa Aula Virtual.

Propónse tamén a todo o profesorado (proposta a incluír no Plan TIC anual do centro) o emprego da Aula Virtual no ensino presencial con tarefas diversas para unha correcta preparación ante un posible ensino a distancia, así como tamén para dotar de recursos ás familias que queren ampliar o traballo na casa ou para aquelas que se atopan en situación de illamento domiciliario.

Para rematar este protocolo, ao inicio de setembro, deberase proceder á actualización da base de datos realizada o curso pasado sobre os medios tecnolóxicos existentes no fogar para detectar problemas e poder darlle solución ante un posible ensino a distancia. No caso de que a carencia sexa de equipamento, o centro procederá ao préstamo dos

equipos dispoñibles e se o problema fose de conectividade procederíase a solicitar a colaboración da Consellería e do Concello.

5. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.

Será o Departamento de Orientación o encargado de propoñer e coordinar as actividades dirixidas a atender estes aspectos, tendo en conta que serán actividades realizadas ao inicio do curso e dirixidas polas titoras de cada un dos grupos estables de convivencia.

Unha boa educación emocional promove unha actitude proactiva de cara a aprendizaxe competencial, reforza o autoconceito persoal e xera benestar.

A inversión en tempo e esforzo para o acompañamento emocional é moi rentable. Sen un bo clima de aula e sen cohesión de grupo, o proceso de ensino e aprendizaxe é máis lento e incluso imposible.

O coronavirus e o confinamento foron comúns a tódalas familias, pero puideron provocar na cativada un importante efecto emocional que varía en función das circunstancias nas que se desenvolveu a vivencia de cada familia.

En infantil sempre é importante crear un ambiente cálido, seguro e acolledor, no que a cativada sinta seguridade e amor incondicional, así como un ambiente estruturado e flexible ao mesmo tempo.

A continuación preséntanse algunhas actividades referidas ao inicio da escola na actual situación. Son propostas abertas e libres que posibilitan a interacción entre eles e tamén coa contorna próxima.

- A acollida:

Farase unha presentación e vinculación afectiva coas persoas adultas de referencia. Para isto é preciso a nosa actitude de respecto, próxima e afectuosa, e a intervención personalizada. Isto favorecerá un clima de confianza na aula. Hoxe en día é difícil de conseguir debido ás restricións de contacto físico e á obrigatoriedade do uso de máscaras, o que dificulta a vinculación visual, o poder da mirada e o sorriso.

Organizarase unha entrada flexible que favoreza unha acollida máis persoal.

- Xogo libre:

O xogo é a actividade fundamental durante a infancia. Por medio do xogo aprenden novas formas de afrontar perigos e de entender o perigo. No xogo reproducen de maneira activa as cousas que lles sucederon ou o que viron, para vivilo con control e superalo, así como para expresar os seus sentimentos.

Favoreceremos o xogo libre, tanto nos espazos da aula coma nos espazos abertos e procederase á observación do mesmo.

- Actividades de coñecemento e/ou cohesión grupal:

Moitas destas actividades pódense levar a cabo na asemblea. Á hora de sentarse pode axudar colocar as súas fotos no chan, o seu nome ou un símbolo, respectando así a distancia de seguridade ou pedirles que movas “as ás”, que estiren os brazos para que o espazo sexa suficientemente amplo.

- Cantar unha cantiga na que se van dicindo os nomes de todas as persoas: “Como estás....., como estás?”
- Ir presentando as fotos de cada un facendo preguntas como : quen é?, quen é esta nena que sorrí?, quen é este neno de camiseta azul?
- A pelota de ping pong: bailamos pola clase ao ritmo da cantiga “pelota de ping pong”. Son a pelota de ping pong, e salto, salto , salto sen parar, e se te toco..... (nome), empezas a saltar. A quen lle tocou esta pelota, empeza a saltar cantando a cantiga. O resto do grupo queda inmóbil esperando ser tocado. Cando a “pelota” lle toca, saltan os dous e tocan a outro par, estes 4 a outros 4 ... e así ata que todo o grupo acabe saltando.
- Contar vivencias persoais na asemblea e que os demais poidan facer preguntas.
- Compartir fotos da familia.
- Lectura de contos con mensaxes positivas e de superación.
- “Atréveta a...” Nunha caixiña metemeos unhas pequenas notas con pictogramas que representan accións tales como cantar, bailar, aplaudir, saltar, reptar... ten que haber unha por persoa. Movemos a caixiña e sacamos por quendas unha notiña. Realizamos a acción sinalada.

- Coñecer o contorno de convivencia:

Traballaranse os hábitos de hixiene e saúde, como cubrir a tose e os esbirros co cóbado, lavar ben as mans e de xeito frecuente, cando menos durante 20 segundos.

Poden realizarse percorridos pola escola para coñecer os espazos e así traballar como debe ser o desprazamento pola mesma respectando a direccionalidade e seguindo as indicacións do chan.

As normas básicas das que falamos estarán representadas por pictogramas e colocadas en diferentes lugares visibles para a cativada.

Como referencia seguirase o *“PROGRAMA PSICOEDUCATIVO PARA A POST-EMERXENCIA EN CENTROS EDUCATIVOS DE INFANTIL E PRIMARIA”* realizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e que se adaptará as características concretas do noso alumnado .

Tamén se Terán en conta guías editadas por UNICEF sobre COVID-19: “Proteger la salud en las aulas”, “Reimaginar la educación”; e da UNESCO: “Enseñar en tiempos de Covid-19”, así como calquera outro material que se considere axeitado.

Este programa será difundido entre a comunidade educativa a través das canles habituais: páxina web e abalar ás familias con ligazón á páxina web. Se alguén non puidese ter instalada a aplicación no seu dispositivo móbil, enviaríaselle por correo electrónico.

Panxón, 29 de agosto de 2020.